



FIC ◀

SÁBADO 11
CIDADE DAS TIC
DE 12.00 A 13.30

A IA É A ARTE DA INTERPRETA- CIÓN

CON
DAVID GUAITA,
NEREA SANJUAN,
JOSÉ LOSADA Y
ANDRÉS BELLAS

David Guaita, Director de Machine Learning en El Ranchito, contaranos de primeira man tecnoloxías e aplicacións reais de Intelixencia Artificial relacionadas estreitamente co mundo da interpretación e os seus profesionais. Isto permitirá explorar as distintas solucións actuais dispoñibles actualmente e as súas implicacións.

Tras esta charla contamos cunha interesante mesa redonda para explorar e comentar as oportunidades e retos, así como o impacto que pode ter esta tecnoloxía no sector. Trátase dun diálogo que proporcionará perspectivas variadas, con David desde o ámbito técnico de IA, Nerea Sanjuan pola parte de lexislación e implicacións legais, e José Losada e Andrés Bellas para transmitir as ilusións e inquedanzas do sector ante a chegada desta tecnoloxía.

DAVID GUAITA: Head de Machine Learning e Director de Training en El Ranchito. Comeza a súa carreira facendo videoxogos de 8 bits publicados por Topo e Opera Software. Traballa no grafismo televisivo e videoclips musicais, para despois facer títulos de crédito e efectos especiais en películas como La comunidad, Los otros, Torrente, entre outras. Comeza unha tempada en Xapón onde traballa de novo na industria do videoxogo, formando parte en Sega do equipo de animación facial da saga Yakuza. De volta en España, incorpórase a El Ranchito como director de formación e pon en marcha o departamento de Machine Learning en El Ranchito.

NEREA SANJUAN: É licenciada en Dereito pola Universidade de Valladolid e licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universitat Oberta de Catalunya. Realizou un Máster en Dereito (LL.M.) na Universidade de Columbia, Nueva York (Fulbright Grantee), especializándose en dereitos de autor, dereito das telecomunicacións e contratación internacional, e un Curso de Especialización en Producción Audiovisual na Universidade Lusófona de Lisboa. Actualmente, Nerea Sanjuan é Directora da área de Cultura, Deporte e Entretenemento da oficina de Madrid de Andersen. Previamente, traballou en Uría Menéndez, Vodafone e Cuatrecasas nas áreas de propiedade intelectual, regulación audiovisual, medios de comunicación e comunicacións electrónicas, publicidade e dereito dixital. Asesora de forma continuada, a nivel nacional e internacional, a un gran número de empresas de diversos sectores no ámbito do entretenemento, as industrias culturais e a tecnoloxía. No ámbito académico, imparte clases, entre outros, no Máster de Dereito das Novas Tecnoloxías da Universidade Complutense de Madrid e no Master en Propiedade Industrial, Intelectual, Competencia e Novas Tecnoloxías de ISDE-Pons.

JOSÉ LOSADA (AAAG): Actor e bailarín formado con mestres da interpretación, do clown e da danza como Marta Shinca, Daniel Abreu, John Wright, Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Mar Navarro, Fabio Mangolini, Mariana Carballal, Jesús Aladrén, Marión Sarmiento... Na súa traxectoria destacan espectáculos con Molembir Teatro, Os Sete Magníficos + 1, Maquinaria Pesada, Caramuxo Teatro, Els Comediants, La Fura dels Baus, Factoría galaica de Improvisacións... Programas, series e publicidade como Do dereito e do revés; O show dos Tonechos; Arre demo; Gadis... Ten experiencia dirixindo grupos de teatro e impartindo aulas teatrais e de bailes de salón.

ANDRÉS BELLAS (Apradoga): Andrés Bellas Carballo nace en Ferrol en 1963. É titulado en maxisterio na especialidade de ciencias. Mentres estudaba traballou de cantante de orquestra e de locutor de radio. A finais dos anos oitenta fai un curso de dobraxe do INEM (antigo instituto nacional de emprego) e desde entón dedícase a esta actividade como actor e como director. Durante a súa carreira realizou innumerables traballos para cine e televisión tanto en galego como en castelán. En galego é a voz habitual de grandes actores como Tom Hanks, Denzel Washington, John Travolta, Jim Carrey, ou Pierce Brosnan entre moitos outros.